



ASUNTO: DECRETO SUSPENSIÓN PAGOS

PROPOSTA DE DECRETO

A situación de emerxencia xerada pola evolución do COVID-19, levou ao Goberno a decretar o estado de alarma polo Real Decreto Lei 463/2020, de 14 de marzo, para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada. En consonancia todas as administracións e particularmente este Concello, ditaron diferentes normas para tratar de reducir o avance dos contaxios desta enfermidade.

Neste contexto, tendo en conta a Resolución desta Alcaldía de data 25 de marzo de 2020 que adopta, entre outras, directrices xerais a empregar no marco das relacións contractuais e prestacionais deste Concello compre adaptar ás circunstancias extraordinarias actuais, as condicións de explotación do uso e utilización que se desenvolvan nas instalacións municipais e cuxas actividades quedaron suspendidas por estar incluídas no ámbito de aplicación do artigo 10 do devandito Real Decreto Lei 463/2020, de 14 de marzo, que declara o estado de alarma, relativo as medidas de contención no ámbito da actividade comercial, equipamentos culturais, establecementos e actividades recreativas, actividades de hostalería e restauración, e outras adicionais.

Polo exposto, en particular respecto da explotación das instalacións municipais denominadas “BAR-CAFETERÍA E INSTALACIÓNS COMPLEMENTARIAS DO CENTRO CÍVICO” e “TAPERÍA CENTRO DO VIÑO” cuxo uso ou explotación conleva unha contraprestación económica a favor deste Concello, coa finalidade de minimizar as consecuencias derivadas das referidas medidas de emerxencia, en virtude das atribucións que me confire o art. 21 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, DISPOÑO:

PRIMEIRO. Suspende o pagamento da contraprestación económica derivada da explotación do uso ou utilización das instalacións municipais denominadas “BAR-CAFETERÍA E INSTALACIÓNS COMPLEMENTARIAS DO CENTRO CÍVICO” e “TAPERÍA CENTRO DO VIÑO”, suspensión que terá efectos durante todo o período de vixencia da declaración do estado de alarma, e polo tanto con efectos económicos do día 14 de marzo de 2020, data de entrada en vigor do polo Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo (DF3^a).



FIRMAS Y FECHAS





SEGUNDO. Notificar a presente resolución á Intervención Municipal, aos interesados, así como aos empregados públicos con responsabilidades na tramitación das correspondentes facturas xiradas por estes conceptos.

TERCEIRO.- Unha vez restablecido o normal funcionamento das institucións municipais, déase conta á Xunta de Goberno da resolución adoptada.

O ALCALDE, a data da sinatura dixital

Asdo: José Tomé Roca

MONFORTE DE LEMOS, data da sinatura do Sr. Alcalde
Ordena e asina o Sr. Alcalde
Certifica e asina o Sr. Secretario



FIRMAS Y FECHAS

